



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|---|--------------------|----------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2018/19 |
| Asignatura (*) | Técnicas de Investigación Literaria | Código | 613G01042 | |
| Titulación | | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 1º cuatrimestre | Cuarto | Optativa | 4.5 |
| Idioma | CastelánGalego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Letras | | | |
| Coordinación | Caparros Esperante, Luis | Correo electrónico | luis.caparros@udc.es | |
| Profesorado | Caparros Esperante, Luis | Correo electrónico | luis.caparros@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Preparación para a investigación literaria. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|-------------------------------------|
| Código | Competencias / Resultados do título |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|-------------------------------------|-----|----|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria. | A1 | | |
| | A15 | | |
| | A17 | | |
| Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual. | A2 | B5 | B6 |
| Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada. | A11 | | |
| Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos | A14 | | |
| Coñecer a crítica textual e a edición de textos. | A16 | | |
| Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información. | | B1 | |
| Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas | | B2 | |
| Adquirir capacidade de autoformación. | | B3 | |
| Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico | | B7 | |
| Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. | | B9 | |
| Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional. | | B10 | |
| Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. | | | C1 |
| Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. | A11 | | C3 |
| Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. | | | C8 |

| Contidos | |
|--|---|
| Temas | Subtemas |
| 1. Bases da investigación literaria. | 1.1 Presentación do curso e obxectivos. 1.2 Conceptos básicos. |
| 2. Técnicas de aplicación á investigación literaria. | Estratexias teóricas e prácticas na planificación e concreción investigadora: da organización de ideas á redacción. |



3. Fontes de información dixital.

Recursos informáticos e na WWW.

| Planificación | | | | |
|------------------------|-------------------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral | A1 A16 B1 B2 B9 B10 C3 C8 | 16 | 37 | 53 |
| Presentación oral | A2 A11 A14 A15 B1 B2 B3 B5 B7 C3 | 16 | 32 | 48 |
| Proba mixta | A1 A2 A11 A14 A17 B6 C1 C3 | 3 | 6 | 9 |
| Atención personalizada | | 2.5 | 0 | 2.5 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|-------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Sesión maxistral | Sesión na que o profesor contextualiza e explica as metodoloxías e contidos necesarios para que o alumnado poda desenvolver o seu traballo posterior. A sesión maxistral ten carácter teórico e expositivo. |
| Presentación oral | Exposición e defensa oral, na aula, dun traballo orixinal onde se recollan as destrezas aprendidas durante o curso. |
| Proba mixta | Proba final, de carácter individual, avaliable, para demostrar os coñecementos e destrezas adquiridos no transcurso das aulas. |

| Atención personalizada | |
|------------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Proba mixta | O alumno acudirá periódicamente a tutorías para aclarar dúbidas sobre os temas suscitados nas aulas. |

| Avaliación | | | |
|-------------------|-------------------------------------|---|---------------|
| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
| Sesión maxistral | A1 A16 B1 B2 B9 B10 C3 C8 | Valorarase a asistencia e a participación activa do alumno nas aulas. | 10 |
| Proba mixta | A1 A2 A11 A14 A17 B6 C1 C3 | Se valorarán as habilidades e destrezas aprendidas no curso. | 50 |
| Presentación oral | A2 A11 A14 A15 B1 B2 B3 B5 B7 C3 | Valorarase a axilidade na presentación e no uso de recursos, a capacidade de organización e o uso correcto e suficiente da bibliografía. Entregarase copia dixital ao profesor. | 40 |

| Observacións avaliación |
|-------------------------|
|-------------------------|



As anteriores porcentaxes son orientativas. Para completar a información, cómpre ter en conta o seguinte:

1. O 50% da cualificación final obterase pola proba mixta. Para aprobala, e para aprobar a asignatura, deberase obter nela un mínimo de 4 sobre 10. Por exemplo, un 3 nesta proba non é posible compensalo cun 7 pola suma doutras actividades e a asistencia.
2. O 40% obterase pola realización de actividades na aula durante o curso.
3. O 10% restante corresponde á asistencia, participación e desempeño de cada estudante no decorrer do curso, con atención á aprendizaxe colaborativa.
4. Para obter cualificación é indispensable realizar a proba mixta.
5. Toda avaliación positiva será gardada para a cualificación da segunda oportunidade, en xullo. En caso de estar suspensas ou non realizadas, efectuaranse entón as probas pertinentes. Isto serve igualmente para a cualificación do 10% contemplada no punto 3, que se manterá na segunda oportunidade.
6. O alumnado con dispensa académica recoñecida deberá comunicalo por escrito a luis.caparros@udc.es, co asunto: "Dispensa de asistencia", en canto comece o curso ou sexa efectiva a matrícula. A dispensa académica elimina neste caso o 10% correspondente á asistencia. Esa porcentaxe trasládase a un traballo concertado co profesor, que sería o 10%, e o 40% restante a un exercicio práctico relacionado coa materia. Con todo, dado o carácter fundamentalmente práctico desta asignatura, non se recomenda esta opción.
7. O alumnado repetidor que non poida asistir ás aulas ten a opción de acollerse ao sistema anterior, mediante aceptación expresa, nas condicións do punto 6 e antes do mes de outubro, baixo as mesmas salvedades.
8. As probas escritas e as actividades deberán cumprir unhas esixencias mínimas de corrección lingüística en español, lingua regulamentaria do curso: acentuación, ortografía, precisión léxica, ausencia de abreviaturas, rexistro formal, etc. A penalización por faltas graves será de medio punto en cada caso. Para estudantes de lingua estranxeira, será indispensable un dominio razoable da lingua española, tanto en expresión oral como escrita.
9. Calquera forma de plaxio, como a cita de traballos alleos sen a marca de tal ou sen a referencia correspondente, suporá o suspenso para a proba ou traballo. O mesmo aplicarase a calquera forma de copia indebida nas probas ou exames. O control farase mediante o programa de detección de plaxios Turnitin, autorizado pola Xunta de Facultade.
10. Forma parte das obrigas do alumnado estar ao corrente do curso e das actividades mediante a consulta periódica da plataforma Moodle.
11. Lémbrese que os dereitos e deberes do alumnado da UDC están recollidos no Estatuto do Estudantado, na web institucional: <https://www.udc.es/estatuto> O resto de normativa pode consultarse en: <https://www.udc.es/gl/normativa/estudantes/>

Fontes de información



| | |
|------------------------------------|--|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none"> - Achtert, W. S., y J. Gibaldi. (1988). <i>MLA Handbook for Writers of Research Papers</i>.. New York: The Modern Language Association of America. - Alcina Franch, J. (1994). <i>Aprender a investigar: métodos de trabajo para la redacción de tesis doctorales</i>.. Madrid: Compañía Literaria. - Belmonte, Manuel. (2011). <i>Enseñar a investigar</i>.. Bilbao: Mensajero. - Blecua, Alberto. (1983). <i>Manual de crítica textual</i>.. Madrid: Castalia. - Díez Borque, J. M., coord. (1985). <i>Métodos de estudio de la obra literaria</i>.. Madrid: Taurus. - Eco, Umberto. (2001 (1977)). <i>Cómo se hace una tesis: técnicas y procedimientos de estudio, investigación y escritura</i>.. Barcelona: Gedisa. - Enkvist, Inger. (2003). <i>Ética y estética en la investigación literaria</i>: &lt;http://pendientedemigracion.ucm.es/info/especulo/numero24/inv_lite.html&gt; (consultado el 29/06/2015).. Espéculo, 24 (2003). - Garza Mercado, Ario. (1988). <i>Manual de técnicas de investigación para estudiantes de ciencias sociales</i>.. México: Colegio de México. - Gaskell, Philip. (1999). <i>Nueva introducción a la bibliografía material</i>.. Gijón: Ediciones Trea. - Guía... (s.d.). <i>Guía de recursos bibliográficos de la Literatura Española (Biblioteca Nacional)</i>: &lt;http://www.bne.es/export/sites/BNWEB1/es/Servicios/InformacionBibliografica/docs/Guia_Literatura_Esp.pdf&gt; (consu. Madrid: Biblioteca Nacional). - Hernández Sampieri, R. (2007). <i>Fundamentos de metodología de la investigación</i>.. Madrid: McGraw-Hill. - Jauralde Pou, Pablo. (1981). <i>Manual de investigación literaria (Guía bibliográfica para el estudio de la literatura española)</i>.. Madrid: Gredos. - López Yepes, José. (2002). <i>Manual de ciencias de la documentación</i>.. Madrid: Pirámide. - Medina Rivilla, A., e outros. (2003). <i>Metodología para la realización de proyectos de investigación y tesis doctorales</i>.. Madrid: Universitas. - Montaner Frutos, A. (1999). <i>Prontuario de bibliografía (Pautas para la realización de descripciones, citas y repertorios)</i>.. Gijón: Ediciones Trea. - Muñoz Razo, Carlos. (2011). <i>Cómo elaborar y asesorar una investigación de tesis</i>.. México: Prentice Hall. - Núñez Alonso, Eduardo. (1999). <i>Los archivos como sistemas de información</i>: &lt;http://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=51135&gt;. <i>Boletín de ANABAD, IL.</i>, 1 (1999), pp. 109-124. - Núñez Alonso, Eduardo. (1999). <i>Organización y gestión de archivos</i>.. Gijón: Ediciones Trea. - Orduna, G. (2000). <i>Ecdótica. Problemática de la edición de textos</i>.. Kassel: Reichenberger. - Paun de García, Susan. (2004). <i>Manual de investigación literaria. Cómo preparar informes, trabajos de investigación, tesis y tesinas</i>.. Madrid: Castalia. - Rodríguez Fer, Claudio. (1998). <i>Guía de investigación literaria</i>.. Gijón: Júcar. |
| Bibliografía complementaria | |

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Por tratarse dunha materia fundamentalmente práctica, baseada en exercicios e exemplos realizados na aula, desaconséllase vivamente a dispensa docente ou a simple inasistencia. Para un mellor aproveitamento do curso, resulta imprescindible dispor dunha computadora portátil na aula con capacidades para Internet.



(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías